

## Programa de “atención e apoio familiar” do Concello de Pantón

A través deste programa, facilítase as familias participantes, un asesoramento integral, un apoio psicolóxico e motivacional así coma un seguimento dos mesmos que axude á correcta resolución das problemáticas que así o requiran.

O PEAf persegue a promoción da autonomía, o desenvolvemento, a inclusión social e o benestar das familias,

### De que xeito acadamos isto?

Reforzando as súas competencias e habilidades e promovendo as relacións interpersoais así coma as redes de apoio.

### OBXECTIVOS

- Promover a adquisición por parte das familias de competencias e habilidades para o desenvolvemento das funcións parentais e educativas.
- Favorecer a integración , promoción e participación das familias en tódolos ámbitos da vida comunitaria.
- Facer un seguimento e atención das familias nas que se realice derivación aos servizos especializados de menores

- Previr, e atender aquelas situacións que provoquen a vulnerabilidade ou risco social as familias, con especial atención aos menores.
- Poñer a disposición das familias participantes atención psicolóxica, recursos e itinerarios socioeducativos.
- Ofrecer promover e supervisar espazos de encontro das nais e pais para a mellora da educación familiar.
- Adaptar os procesos de intervención as necesidades, circunstancias e características de cada familia.

## **PERSOAS DESTINATARIAS**

O PEAf do Concello de Pantón vai dirixido a tódalas familias con menores a cargo que residan no municipio e que precisen apoio para favorecer o cumprimento das súas necesidades, o benestar e a plena participación na comunidade. Pero atenderase de forma prioritaria ás familias que se atopan naquelas situacións e fases do ciclo familiar de maior vulnerabilidade, risco ou crise.

## CONTACTO

Servizos Sociais do Concello de Pantón

Praza do Concello s/n 27430

Teléfono: 982 46 22 99 / 689 503 603

Enderezo electrónico: [educadorfamiliarpanton@gmail.com](mailto:educadorfamiliarpanton@gmail.com)

## HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

O horario de atención ao público é de luns a venres de 9h a 15h